

## Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza

Antón COSTA RICO

Universidade de Santiago de Compostela

A recente descuberta que fixemos dun folleto dedicado aos escolares galegos en 1927 sobre a «Festa do Arbre» impreso en lingua galega, que era na altura unha lingua oral de uso xeneralizado, pero apenas usada para textos escritos dirixidos á infancia, fai conveniente a súa inserción nas presentes páxinas de *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*.

Cómpre indicar que as escolas foron concibidas tradicionalmente como espazos que pola súa función se distinguían das súas contornas ambientais, sociais e culturais. Eran espazos para a descodificación de textos escritos, menos habituais no día a día das xentes; para a aprendizaxe do latín eclesiástico ou do español das oficinas públicas; para a aprendizaxe do sentido político da Patria e dos seus símbolos; como igualmente da obediencia... ou, en troques, espazos para unha minoría social para a aprendizaxe das funcións de goberno social.

Aínda así, a historia da educación occidental rexistra, en particular desde finais do século XVII e progresivamente ao longo do XVIII, da man dos pedagogos filantrópicos (protestantes en maior parte) e coa excelsa figura de Pestalozzi, co eco de Rousseau, tamén a asignación dunha nova función ás escolas: a que abría as portas a aprendizaxes de orientación profesional en distintas direccións, unha delas virada cara ao coñecemento e a modernización agraria

Esta dirección colleu distinta forza ao longo do século XIX a través da existencia dalgúns campos de experimentación agraria anexos ás escolas, do estudo curricular da materia de Agricultura –con cátedras para tal efecto nos institutos de bacharelato, como o de Pontevedra, desde 1860–, centros de formación profesional agraria ou de iniciación profesional agraria, coutos escolares agrícolas e escolas de orientación agraria ou a celebración desde finais do século XIX do «Arbor Day in schools» e clubs agrícolas de mozos estadounidenses (entrados no século XX).

O movemento internacional da Escola Nova introduciu unha orientación menos atenta á potencialidade formadora do ensino da agricultura desde un punto de vista profesional, atendendo pola contra máis aos seus efectos formativos xerais– carácter, desenvolvemento persoal, coñecementos biolóxicos, formación estética, saúde das persoas– que o contacto máis ou menos íntimo e a vivencia da natureza podería ter sobre o alumnado participante, e dar así curso, en particular, a viaxes, colonias, estadias e escolas ao aire libre. A medio camiño entre esta orientación e a anterior poderíamos situar as Festas da Árbore, celebradas en moi distintos lugares da xeografía escolar internacional.

En Galicia, estas cuestións teñen diversos percorridos históricos. Así, xa en 1846 editábase en Lugo unha *Cartilla agraria para las escuelas rurales de la provincia de Lugo*,<sup>1</sup> que antecedía á *Cartilla de Agricultura* que en 1848 publicaba, con premio oficial, Alejandro Oliván, para uso nas escolas primarias españolas; isto é, introducíanse contidos formativos agrarios nas escolas primarias, sobre todo a partir da Lei Moyano de instrución pública de 1857, aínda que probabelmente con resultados excesivamente modestos, entre outros motivos tanto por seren moitas as escolas rurais incompletas onde non había lugar para este ensino, como polo «academicismo» da ensinanza. Ao seu abeiro, o profesor Justo Pico de la Coaña y Vinjoy tivo ocasión de publicar en Mondoñedo en 1859 a súa *Guía legislativa y directiva de las escuelas rurales*, cun fermoso plano gráfico sobre a conexión entre a escola e o mundo agrario,<sup>2</sup> e un pouco máis tarde, José Pardo Bazán e o conde de Pallares daban a lume un seu informe sobre «la necesidad de establecer escuelas de agricultura en Galicia», antecedendo á Lei de ensino agrícola de 1866. Ademais, un real decreto (en diante RD) de finais de 1887 posibilitaba a creación de varias granxas escolas experimentais de agricultura na xeografía española, unha delas na Coruña.

A modernización curricular que no programa das escolas primarias introduciu un RD de 1901 fixo desaparecer as ensinanzas de agricultura da escola primaria, que, en troques, reaparecerían parcialmente mediante un RD do 12 de marzo de 1904 sobre a celebración en España da «Fiesta del Árbol» e outro de 1905, ditado polo ministro Romanones, para facilitar a creación de campos de demostración agrícola para labradores en conexión coas ensinanzas escolares «nocturnas», ao que foron sensíbeis varios educadores galegos (Vicente Fraíz Andón, Luciano Seoane ou Álvarez Limeses), que deron á luz varios textos breves sobre a cuestión. En todo caso, habería que agardar a unha real orde de 1921 que dispoñía a creación de campos agrícolas anexos ás escolas nacionais nas poboacións rurais, o que en efecto así acontecerá, de modo moi limitado.

Por outra banda, tamén varias da sociedades de instrución creadas polos emigrantes galegos en América propiciaron unha certa atención á educación agraria (Ferrol y su Comarca, Unión Hispano-Americana del Valle Miñor...), que tamén promoveron filántropos como Blanco de Lema en Cee desde 1905, Pedro Murias en Vilaselán desde 1922, as escolas laicas da Coruña (La Luz, 1915) ou o inspector escolar Luciano Seoane a través do «Certamen Científico-Sociolóxico»

<sup>1</sup> Pódense ver os pormenores dos datos que imos presentar aquí de modo sintético en Antón Costa Rico, «Unha escola aberta ao medio: ensino da agricultura na escola primaria», en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á II República* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989), 322-335 (que sintetiza informacións presentes na nosa tese de doutoramento, Salamanca, 1982) e en Narciso de Gabriel Fernández, *Agricultura e Escola. Contra a rutina e o éxodo rural* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1989).

<sup>2</sup> Ao que xa nos referimos en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres...*, p. 327.

organizado en Ferrol en 1916. Todos tiveron presente algunha conexión entre as escolas e a agricultura durante as dúas primeiras décadas do século XX.

Entre medias, fíxose notar en distintos ambientes sociais a chamada do Rexeneracionismo, co adañil que foi o aragonés Joaquín Costa, quen no seu libro *El arbolado y la Patria* (1912) chamaba a atención sobre a necesidade de desenvolver a modernización agraria, en conxunción coa creación de escolas primarias en toda a xeografía española co lema: «escuela y despensa». Pensando nas escolas como medio de amor á natureza e aos bens que dela se podían desprender coidaba que a celebración pública da Festa da Árbore, coa presenza de mestres e escolares que procedían á plantación de árbores, podería ser unha adecuada estratexia para acadar os propósitos procurados. O acollemento que distintos medios de prensa lle concederon facilitaríaa unha certa extensión da experiencia,<sup>3</sup> da que en Galicia quedaron rastros en diversos folletos,<sup>4</sup> así como, entre outros, o nome do profesor José García Niebla de tanta influencia en Ferrolterra<sup>5</sup> ao tempo que Agustín Nogués Sarda<sup>6</sup> e Juan Capó<sup>7</sup> procuraban revitalizar con criterio pedagóxico o interese do ensino da agricultura nas escolas primarias.

Neste contexto, dous impulsos complementarios virían enriquecer o campo práctico. Por unha parte, o movemento galeguista, que ao longo dos anos vinte comezaba a pensar en como habería de ser a escola en Galicia nos contextos rurais e, pola outra, o tesón dun propagandista, mestre e agrónomo, José López Otero. Desde o galeguismo, Luís Peña Novo, Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos reclamaron en distintos momentos entre 1924 e 1936 esa escola adaptada,<sup>8</sup> que ademais se procurou pór en marcha en varias das escolas sostidas pola Federación Bonaeranse de Sociedades Agrarias e Culturais, como foi o caso do grupo escolar de Silleda,

<sup>3</sup> Festa da Árbore de Tui de 1910; da Coruña en 1911, onde ademais se formou a asociación «Los amigos de los árboles», que presidiu o catedrático de Agricultura do Instituto de Bacharelato José María Hernansaez Moscoso; de Pontedeume en 1912; de Miño, Neda e Ares en 1913. Pola súa parte, o mestre José María Raíndo daba conta a altura de 1933 de que na súa escola de Aiazo (Pontecarreira, A Coruña), formara unha «Asociación de Amigos y Protectores del Arbol» en 1930 e que cada ano cada neno plantaba 10 árbores.

<sup>4</sup> Sociedad de Amigos de los Árboles, *Obsequio a los niños en la Fiesta del Arbol* (Coruña: Garcybarra, 1914, 14 pp.); Sociedad de Amigos de los Árboles, *Obsequio a los niños en la Fiesta del Arbol* (Coruña: Garcybarra, 1916, 29 pp.); Mutualidad infantil de la escuela nacional de Caranza (Ferrol), *Recuerdo e la Fiesta del Arbol en San Juan de Filgueira* (1916, 15 pp.); *Discurso pronunciado por D. José Martínez Cobo en la Fiesta del Arbol de Bacoy* (1926).

<sup>5</sup> Impulsou esta celebración entre 1913 e 1918 na parroquia de San Xoán de Filgueira (Serantes), que congregaba distintas escolas da comarca, na cal se procedía á plantación de numerosas árbores. *Vid.* Guillermo Llorca Freire, *Juan García Niebla: entre a innovación pedagóxica e o compromiso social* (Ferrol: Asociación Socio-Cultural de Canido, 2015), 26-35.

<sup>6</sup> Agustín Nogués Sarda, *La enseñanza agrícola en la escuela primaria* (Madrid: Librería de los Sucesores de Hernando, 1918).

<sup>7</sup> Juan Capó, «La iniciación agrícola en la escuela rural», *Revista de Pedagogía*, 8 (1922), 291-295.

<sup>8</sup> Facéndoo preferentemente a través das páxinas d' *A Nosa Terra* e de *El Pueblo Gallego*.

contra 1932.<sup>9</sup> Pola súa banda, López Otero foi un importante propagandista<sup>10</sup> e autor dun breve opúsculo, *Los jardines escolares*,<sup>11</sup> que encontrou ecos firmes prácticos en centros como a «Escuela-hospital-asilo de Lalín» (1926), a escola de Pontesampaio (1927), a Cooperativa Rural Anexa á Escola Nacional de Nenos de Budiño (O Porriño),<sup>12</sup> co seu mestre Luís Carregal Peón,<sup>13</sup> e as de Fornelos de Montes (O Rosal), Portas e Guillarei, todas na provincia de Pontevedra.

O terreo estaba, pois, sementado para dar a luz este opúsculo do que damos conta cunha «Adicatoria», sen asinar, e tres textos escritos por Manuel Portela Valladares, propietario e director de *El Pueblo Gallego*, Ramón Otero Pedrayo, daquela xa autor literario consagrado, alén de profesor de Xeografía, e Joaquín Costa, cuxo texto é o único escrito en español. Descoñecemos a fortuna e difusión deste opúsculo, probabelmente limitado desde o punto de vista didáctico, pero que poderían ler os nenos sequera na compañía do seu profesorado, para realizar os oportunos comentarios e diálogos. Na perspectiva que procuraba a Escola Nova, a mesma que inspiraba a actuación de distintos ensinantes, en particular, no tempo da II República, como foi o caso do mestre Gregorio Sanz en Benquerencia no comezo dos anos trinta, segundo o testemuño que nos deixou.<sup>14</sup>

Daquela memoria partiría logo en 1948 o mestre Avelino Pousa Antelo quen, co patrocinio do empresario agrario Antón Fernández, puxo en marcha nas terras de Sarria a Escola Agrícola de Barreiros que chegou ata a fronteira dos anos setenta, segundo testemuño valioso que el mesmo nos deixou,<sup>15</sup> e que foi analizado tanto por Narciso de Gabriel,<sup>16</sup> como máis recentemente por parte de

<sup>9</sup> Segundo analizou Xosé M. Malheiro n' *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagógico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos* (Sada: Edicións do Castro, 2006), 255 e ss.

<sup>10</sup> Escribiu, entre outros, os seguintes textos de prensa: «Los jardines escolares bajo el concepto pedagógico», *Diario de Pontevedra*, 16.XI. 1925; «La fiesta del arbol y los jardines escolares», *El Noticiero Gallego*, 4. IV.1927; «Los jardines escolares y las escuelas de patronato y fundaciones», *Faro de Vigo*, 20.II.1927; «Escuela rural y enseñanza agrícola», *El Pueblo Gallego*, 9.XI.1927; «La agricultura en las escuelas», *El Pueblo Gallego*, 11 e 26. II.1932; «La agricultura en las escuelas», *Boletín de Educación*, Xaneiro- Febreiro de 1935.

<sup>11</sup> Vilagarcía de Arousa: Tipografía de Galicia Nueva, 1925.

<sup>12</sup> Esta experiencia á que nos referimos na nosa tese de doutoramento (1982) e logo na monografía *Escolas e Mestres*, a partir de textos de prensa publicados no *Boletín de la Sociedad Fomento de Porriño y su distrito* (editado en América) e en *El Magisterio Español*, foi con máis atención estudada por Narciso de Gabriel no seu texto *Agricultura e Escola. Contra a rutina e o éxodo rural*, 69-74.

<sup>13</sup> Un detido recoñecemento biográfico sobre este mestre foi realizado por Anxo S. Porto Ucha, en *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo* (Pontearas: Alén Miño edicións, 2003), 126-134.

<sup>14</sup> Gregorio Sanz García, «Ensayo de escuela activa en una escuela rural», *Revista de Pedagogía*, 130 (1932).

<sup>15</sup> Avelino Pousa Antelo, *A escola agrícola da granxa Barreiros / Unha escola para a Galicia rural* (Sada: Edicións do Castro, 1987).

<sup>16</sup> Narciso de Gabriel Fernández, «As escolas de orientación agropecuaria da provincia de Lugo (1948-1971) en *Agricultura e escola*, 77-145.

Xoel Gutiérrez.<sup>17</sup> Unha experiencia que abriu unha ruta que andou un bo número de escolas primarias da provincia de Lugo naquel mesmo período, tomando por fio conector os cursiños agropecuarios realizados ao longo dos anos cincuenta e sesenta: un certo intento de «escola nova e rural», baixo a presión do franquismo.

A renovación pedagóxica que comezou a vivirse contra fins dos anos setenta abrirá logo as portas á intensificación da apertura das escolas ás súas contornas, e collerá un vigor novo a comunicación e a aprendizaxe na natureza e ao aire libre que dá paso a diversas iniciativas nas que participan numerosos centros escolares de toda Galicia: hortos escolares, algunhas escolas-granxa, vivencia da natureza, plantacións de árbores (vía intensificada ante a cuestión dos incendios forestais) e algunhas outras iniciativas, como a promovida polo profesor de pedagogía Uxío Otero<sup>18</sup> ou o programa «Voz Natura» que desde hai xa tempo impulsa con adecuado criterio o xornal *La Voz de Galicia* cunha notábel participación de centros de toda Galicia.

O lectorado gustará, pois, de examinar o texto que aquí se achega: este opúsculo foi editado por *El Pueblo Gallego* en 1927 e foi entregado por vez primeira, moi probablemente, aos escolares de Betanzos, das Escolas García Naveira, que con ocasión dunha viaxe realizada á cidade de Vigo visitaron todas as instalacións do xornal (*El Pueblo Gallego*, 21.7.1927).

<sup>17</sup> Xoel Gutiérrez Roca, *Prácticas e innovacións pedagóxicas no contexto rural galego: as Escolas Agrícolas (anos 50-60 do s. XX) como expresión da Escola Nova* (Lugo: Deputación Provincial, 2019).

<sup>18</sup> Que vén promovendo desde hai varios anos tamén a Festa da Árbore co alumnado inscrito no Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza desde a Facultade de Formación do Profesorado de Lugo.

## A FESTA DO ARBRE

OPÚSCULO ADICADO AOS NENOS GALEGOS POL-O XORNAL DA CIBDADE  
DE VIGO *EL PUEBLO GALLEGO*

Talleres Gráficos *El Pueblo Gallego*, Vigo, 1927

### ADICATORIA

Aos nenos vai adicado ledamente iste pequeno feixe de arroutos líricos, cariñentas humoradas e frases conselleiras en col do árbore.

Os árbores, tan eispresivos, tan ligados ó vivir cotián i-ó carácter dos pobos teñen que suscitar froicões estéticas moi diversas, dende o asombro místico até a risa. Por iso non ofende ós árbores o que se ten dito con retrouso, das palmeiras. Rirse dun árbore en certas ocasións, val tanto como humanizalo, querele e lamentar que medre en terra allea, non axeitada ó seu propio garbo e natureza.

Mais non para a termanza de iste opúsculo en envidar ós nenos a ollar cara ós árbores con amor contemplativo. A belideza dos árbores, a súa dramática presenza diante dos outros persoaxes –montes, ceos, valgadas...– que co-iles forman a paisaxe, non nos fai esquencer a gratitude que lles debemos.

Sería agora moi ravesoso fixa-las fronteiras antre a belideza i-a utilidade dos árbores. No mesmo intre en que os vemos fermosos, vémoslos tamén útiles. E ó rívés, cando son útiles, son no mesmo intre, e quizais por iso traxicamente, fermosos. Cando os árbores se trocan en bancos de nao, nos que o mar bate con temíbel xovialidade, cando trocados en taboas e traves ampáranos da furia da invernia, cando arden no lar ou soportan o teito da mina carboeira, son traxicamente fermosos e non se sabe ben si choran o seu sacrificio ou si se sinten orgullosos d'íl. ¿Hay orgulo máis lanzal que o dos bancos do barco, o da leña no lume, o do esteo na miña?...Árbores hai que parecen crispren as ponlas co degoro de se desprenderen da terra, cheos de envexa do hirmán que xa é mastil na ría rebrilante.

Se quixéramos xuntar n'unha oración ó árbore a nosa ademiranza, o noso amor, a nosa gratitude e, ¿por que non dicilo?, o noso egoísmo, abondaríanos con arredar afervoadamente o *Paternoster*. Árbore noso que estás na fraga, no val, na veira do río, ou no curuto: santificado sexa o teu nome... Árbore noso que estás na fraga, no val, na veira do río, ou no curuto: dóanos hoxe o pan de cada día...

Hoxe...e mañán. ¿Ouvides, nenos? Mañán.

## A FESTA DO ARBRE

Teñen os nenos moita vida por diante, e hanse preparar pra se facer gratos e ditosos os anos fondos que os agardan. O día d'hoxe é breve, pasa voando, e nele pouco se pode acadar. As nosas miradas e as nosas arelas hanse fundir no mañán, longo e pleo de promesas, e onde scintilea para nos guiar a outa estrela dos nosos

destinos. Pódese comparar a existencia dos homes a unha terra que doa o froito asegún a semente e o traballo que se meta nela.

Os vosos feitos, rapaces, e soilo os vosos feitos, son os que han labrar a felicidade d'esta terra que é a nosa ledicia, o noso descanso e o noso sustento: desa nai que non morre, que xamais nos esquece, que decote no lar, no campo, no vento, no sol, nos chama e nos fala. Na noite palpitante, cando todo cala, diante do ceo inmóvil, ¿n' é verdade que máis dunha vez sentistes remexer no corazón a misteriosa voz da nosa Galiza?

E ben: se queredes ter algo voso e adiantarvos ao voso porvir, plantade un árbore; se desexades servir á vosa terra, facer algo de proveito por ela, cubride coas súas entranas amorosas as raíces dun árbore; se pensades nunha boa obra, en agarimar unha dór allea, en axudar aos vosos compañeiros galegos que sofren, acollédeos nos brazos e nas follas amigas dun árbore. No eido, na veira dos camiños, no baldío, somentes defendendo unha idea xenerosa, podedes realizar esta obra de creación.

Que outras platiquen das pequeneces e nadeiras que dividen aos homes, que disputen e s' enrixen por si é millor á lus da alborada ou a lus do serán; vosoutros, namentres eles barballoando perden o tempo, visitade o campo, contemprade no tronco ispido a verde vestidura que o engalanará na primavera, gozádevos no que ha vir, e afaceivos a saber «traballar» e a saber «esperar», isas dúas virtús nas que se encerran a salvazón do noso país.

Unha xuntanza de árbores é un pomar que regala todos os gustos; é un piñeiral ergueito e ululante ofrecendo ouro e saúde; é unha bouza maestosa que recolle e repite o eco azulado das lendas e tempos pasados.

Cando os corazóns se funden nu mesmo latexo, fórmase un pobo, créase unha nación, xurde Galicia.

Nos montes galegos que agora ofrecen espiñas e pedras aos vosos pés, erguíanse noutrora os bosques un a rentes d'outro e estonces pudo Gelmirez o Grande botar ao mar os primeiros barcos que se conoceron na España. Nas encostas e valgadas era tanta a froita que a mandabamos a Portugal, a Castela, a Franza, a Inglaterra, e un só labrador tiña abondo pra carregar varias naus.

Era d'aquela o noso reino, grande na riqueza, grande polos homes, grande pola fala, e grande polos feitos.

Os inimigos dos árbores fórono os inimigos de Galicia e non son da nosa raza, nin pertencen a nosa cultura. Siñifican a barbarie que, cando pasa por riba dos pobos, forma os desertos.

Escoitade ben: cada país ten un color pra o representar que reflexa a súa alma, que simboliza os seus sentimentos e os seus degoros. O cor de Galicia é o cor verde elixido polos suevos, nosos avós para o seu blasón: o mesmo cor que agora vedes tremer nas ponlas dos castiñeiros e dos carballos que visten os nosos vals.



Ao plantar un árbre desplegadas no ar, pra que o sol os benzoe, os cores da nosa terra; ao respetar un árbre, ao cuidalo, nenos e homes, respetades e bicades a bandeira de Galiza.

Manuel Portela Valladares

## OS ARBRES DE GALIZA

Son os máis saudosos das terras atlántecas. Na veira mar, nos descubertos chaos das boca-ribeiras, nas quebradas fondas da entrana graníteca das serras, os nosos árbres cantan total-as ledicias, salayan total-as doores de Galiza. Zugan seu vivir dun-a terra a un tempo vella e nova. Vella como cristaización da chama astral de estrela que foi a Terra. Nova pol-o traballo cantareiro das augas criadoras das formas graciosas da roca.

O castiñeiro cubriu n'outrora a mór porción do noso chán c'a sua sombra petrucial. Tén desaparecido das Rias Baixas comesto no cerne por un-a doenza máina e fatal somellante á morna tristura que afundía nun-a malenconía derradeira a vellez dos patriarcas das razas antigas.

A morte d'o castiñeiro ten a tráxica grandeza do finar dun-a relixión, d'un gran imperio, d'un grande poeta ferido pol-o verme do tempo nas fontes ispiradoras do seu númen. Mais inda viste as ledas ribeiras do Sil e do Miño e asociado c'o pán érguese-nos marelos agros -d'un ouro verdecente como no arco da vella-cun-a lexendaria beleza rexuvenecida total-as primaveiras. De novo, o tronco liso, limpo, forte, onde se poden apalpar os vexetales musclos da sua enerxía, bota no ar luminoso ou nevoente o coro verdecente e grorioso das ponlas. Os sotos dan a sensación dun-a longa vida dona do porvir; parecen vivir máis qu'as aldeias, ser com'os pazos i-os penedos, eternos. Acarocochado, o castiñeiro soña; xa é apenas vexetal. Enrugada a cortiza ó igual da pele d'un animal xigante, acouba fentos, musgos, orcelos, ábre-se n'un buraco que tén ledicia de gruta, racha-se en anacos fósiles. Mais por riba d'ista especie de penedo xurde a mocidade das ponlas; as follas ben tecidas fan un resoante cimborio de verdor forte car'ó sol, mais tenro por drento estilando os raios que chegan ó chan coma ó fondo d'un mar glauco.

O castiñeiro é o árbre derradeiro en agromar. Cando os carballos, os ameneiros, diante inda os salgueiros da veira das augas rebuldeiras, s'envolven na neveira tenra dos tenros follatos, cando volvoretexan no bosque os recenderes da primaveira com'os temas wagnerianos do primeiro auto da «Walkyria», inda semellan mortos os disformes caracochos i-as vigas dreitas inda espallan n'o eco a sua dibuxada pantesía xeométrica.

Soilo ó chegar os primeiros días quentes de San Xoan, cando a nota do violoncello do cuco chouta nas florestas, como nos días sinxelos dos cancioneiros, desbotan as emas as radiantes presas de follas. O castiñeiro frorece xa na lumieira do vran, as candeas trunfales fán a festa pascual do sol soberano e estradan o chán



dos souts c'un ouro que lembra os solpores do derradeiro outono. Ergue-se tarde e tamén morre tarde. N'a basta traxedia impracable da caída das follas o castiñeiro mantén-se envolto n'a súa fartura outoniza, com'un pazo barroco n'as roinas d'un-a vila esquencida. Caíron os ourizos, cooraron-se as viñas c'a alquimia morrediza do mes de Santos: inda as follas de cobre tremen n'a angustiosa sonata románteca das chuvias. A castañeira é a recolección derradeira do labrego; despois caín as follas nos souts como caín as yalmas n'a eternidade da morte. A morte anual do castaño cadra ben c'a morte i-o rito do porco, tamén celta e inverníza.

Os paisanos din nas súas conversas que non hay sombra com'a do carballo. Será pol-a feitura elíptica da copa, a que máis se demora en enviar os raios do sol. A herba mantense vizosa e verde ó pé dos carballos máis valentes. Se no castiñeiro loce a lámpara da fartura gloriosa, n'ó carballo alomea a luciña imorredora da enerxía. Da-nos un-a leución de forza, de pacencia, de loita calada e trunfante.

As carballeiras decotadas, fatos de ergueitos paus mortos, son como'os bosques de colonias *fantasmales* d'un tempo afundido. Agardade pol-a primaveira: un-a fada xoga n'as noites enfeitizadas pola-a fruta riseira do melro e os cadávres envolven-se n'un-a vida nova. As follas do carballo pequenas, xestosas sinxelas, retortas c'un-a leda feitura máis suxestiva que o crásico acanto, chamaronno esprito dos canteiros románecos. E así n-a catedral compostelá afeitada a recibir as moitedumes ecuménicas como na eirexa esquencida n'as terras tristes de uces e carpazas, a folla de carballo envolve as hestoreas dos capiteles, rube ledamente pol-as colonias, da sombra n'as arquivoltas ós rostos maravillados dos ánxeles trompeteiros. Baixo as carballeiras mantén-se un frescore de eirexa nos días máis ardentíos do vran.

N'hai árbore semellante pra decorar os campos das feiras ou os turreiros das festas. Nós chans fondos, de bo terrón, de lentura farta, o carballo críase en fortes individualidás, dando nobreza a un-a aldeia ou a un-a finca, mais tamén gusta de penedías encostadas e das terras lixeiras onde canta o arado. Entón, n'elas o carballo retorto, sofrido, cángase en feitura de escravo azoutado pol-o látigo dos aires da serra. Non sabe morrer. Zuga savia nas terras máis probes, enchese de fillos, sempre garda apegadas a cortiza algun-as follas murchas pra cantar en asubios salayantes ó sopro xiado das nordesías. ¿Quen coidaría qu'istes carballizos son hirmaus dos grandes e seculares xigantes de cen ponlas, que cobren c'a súa sombra moitos ferrados de sembra n'a veira mar, n'os vals ourensáns, nos chaos descubetos de Deza e de Tras-deza? Rechoncheante de niños ou derreado pol-os ventos o carballo é o símbolo da raza, é o árbore paisán, sabe rir c'ó iróneco nordeste e si é femia garda todo o inverno o mantelo murcho das follas secas como gardan seu vestido de picote as vellás aldeáns.

Logo falaremos dos piñeirales, tempro do númen céltigo que ruben a isa Galicia montesía, erma e veciña das nubes errantes das serras outas. N'elas está o imperio cristaiño do bidueiro. Iste árbore é un-a orazón branca. Inda en fatos sempre da a

impresón de vivir isolado. Ten a brancura da xiada ou millor do armiño, ou da lus das estrelas brancas de Xaneiro n'a a súa curtiza alba n'a que se poden esquirbir os máis romántecos poemas. A follaxe marmulladora, tremante, sensitiva ó vento, apenas bicada do sol é a amadada crara lúa do inverno. A saudade dos bidos ou bidueiros canta no solo lírico do carro ouvido pol- noite; vai dicindo a pureza do luar nas cumeadas, da nordesía nas noites estrelecidas, da neve caíndo días e días hastra facer da Terra como outra lúa soilo habitabre pr'os espritos puros, os únicos, que poiden vivir n'a friaxe do limpo espazo cósmico.

Espellan-se nos illós criados pol-a neve nas outas terras de toxeira brava, e fan a carón das frieiras escumantes as albas estadeas dos druidas doutro tempo.

N'a veiramar os piñeirales mesturan seu salayar c'as voces misteriosas da polifanía atlánteca, e van-a ecoando de val en val, de ribeira en ribeira hasta os currunchos máis isolados do vello chán galego. O piñeiro é o fillo querido do granito. As laxes resoantes ó pisar, os outeiros atromentados n'un-a risada e titán pasmado, os areales pálidos onde vagan as sombras dos naufraxios, deixan-se furar pol-as raíces traballadoras do piñeiral. Parés non vivir da terra como si comera as neveiras desfeitas en orvallo, os raios ledos do sol mañanceiro. Os farrapos de néboa gustan de engarrarse na frescura verdecente dos piñeiros como nas toxeias a lá da abenza. E os raios do sol ó ferir o tempro céltigo do piñeiral voltan-se espadas arcanxélicas somellantes as que caen dende as outas vidreiras nas lousas tumbales das irexas, Os piñeiros soñan, estáticos, na priguiza dos vraus; hai baixo d'iles un recender de lanzal fecundidade, un cheiro como o do pan quente. Os da montana en pertas escuadras de guerreiros fan de cada coto un Medulio, outros máis señoritos de copa arredondeada como un-a cesta gustan de locir acarón dos pombales e dos pazos. Son indefrentes ó ritmo das estaciós. Envolveitos en sol, en chuvia, en nevoira, en luar, os piñeirales escoitan un-a voce interior que lles rubre da pedra-nai e lles conta un poema: o poema da eternidade da raza baruda de Breogán, as suas groriosas empresas pol-o mar salgado, aló n'o tempo Ossiánico dos bardos e máis baixiño, en estrofas que son como rechoucheos de berce lles profetiza o porvir trunfador da terra verde pol-o mar cinguida de outeiros bretemosos coroadas, sinalada no ceo por un regueiro estrelecido e n'a terra pol-o tempo supremo da Saudade.

As táboas de castiñeiro estran as sáas dos pazos, as do carballo curvan-se nos ventres diynisiácos das cubas do Ribeiro, o bido canta feito no eixe do carro, o piñeiro sostén o treito do labrego e alisado en táboas recendentes garda as colleitas d'o agro. Hai n'a Galicia un árbre de cancionero ou de nobiliario, un árbre poeta mais non á maneira do carballo labrego, nin do piñeiro pondaliano, nin do bido lunáteco: é un poeta isolado, perfecto, indefrente ó tempo i-ó espazo. O alcipreste. Cando non pode rubir n'un bandelerian desespero a carón das roseiras do pazo procura a soedá do cemiterio. Díxera-se que vive de zume de lembranzas.! Cantas veces esborrallado o pazo, calada a fonte, volto o xardín en nabeira, soilo

o alcipreste garda a memoria fidalga d'outrora! Na nosa terra probe de arte oxival os alciprestes son as nosas agullas góticas, e sobresalindo ó lonxe entre'as viñas, arelan un ideal de pura e perfecta elegancia.

Todos os árbores de Galicia merecen o noso amor, a nosa simpatía. Algús son tan distintos como personas. Non podemos lembral-os todos. Os salgueiros i-ameneiros en procesión ó largo dos regatos falan á y-alma daquíl pasaxe do psalmo: «Et eris tanquam lignum quod plantatus sunt secus decursum aquarum». Os fillos foron n'outro tempo a sona das casas fidalgas. Os hortos do Ribeiro d'Avia inda gardan os toronxiles dos tempos dos mosteiros cando as donas fazían doces conservas c'as frutas fermosas. O pomar é merescente de todo un libro. O eucaliptus xa perdeu a súa tristura de australiano emigrado pra se facer garimoso petrucio familiar e dá agarimo ós corvos mariños. Moitos árbores do Xapón, da California, dos Alleghanys deben sere traguidos á terra galega pra alternare cás nosas vellas e queridas tribus dos bosques.

Soilo non transiximos c'un-a cousa que din ser árbore: a acacia de bola. É sempre o resultado d'un-a sesión municipal. Árbre de reglamento e de presuposto tan odioso como os balcós de cemento, os pisos de *portland*, as frores de farrapo. Lástema que leve ígoal nome qu'as acacias dos campos, ledos nuncios de primavera. A sombra da acacia de bola é curta, redondiña, pequeneira comá sombra da proteución oficial.

Ramón Otero Pedrayo

### A LOS NIÑOS

Son los árboles obreros incansables y gratuitos cuyo salario paga el cielo, que no se declaran en huelga ni entonan el himno de Riego, ni vociferan gritos subversivos, ni infunden espanto a las clases conservadoras, ni socavan los cimientos del orden social. Para ellos la cuestión social no está en que los exploten, sino, al revés, en que los hagan holgar.

Y cuan variadas sus aptitudes y cuan solícitos sus cuidados para con el hombre. Ellos hacen tablas y vigas, hacen leña, hacen carbón, hacen alcohol, hacen azúcar, hacen pan, hacen sidra, hacen aceite, hacen cacao, hacen café, hacen jarabes y refrescos, hacen seda, hacen quina, hacen papel, hacen caucho, hacen forraje, hacen uvas, higos, dátiles, naranjas, melocotones, cerezas, peras y naranjas; hacen tierra vegetal, hacen manantiales, hacen oxígeno, hacen salud, hacen pájaros y flores, hacen poesías, hacen hogar, hacen sombra, hacen país... Me explico la dendrolatía.

En otro orden, el señor maestro os ha enseñado que hay en lo que llamamos «nuestra» Península, una colonia, Gibraltar, una república, Andorra, y un reino, Portugal, que no depende de la soberanía española; y yo quiero decir que existen en el solar ibérico otros muchos reinos, de bastante más cuenta que esos, donde

tampoco dominamos nosotros y que nos es fuerza conquistar: el reino sahárico de la langosta, que periodicamente rebasa sus fronteras e invade nuestro propio territorio como en otro tiempo los almohades y los almorávides de África; el reino del fuego abrasador; el reino del granizo y de la helada, el reino de la inundación, el reino de la marisma, el reino de las arenas voladoras, el reino estepario de la sal de Glauber, el reino, cada vez más dilatado, de la roca desnuda y de la torrentera. Para conquistar estos estados unidos del tifón, el soldado es el árbol; el general, el hombre. En eso, pero nada más que en eso, os permito queridos niños jugar a los soldados.

No os distraigais como algunos hombres a labrar flores de trapo o de papel; colaboradores en el plan divino de la creación, haced flores de las de verdad, de las que nacen, viven, se agostan y granan; con el alcalde, con el maestro, con el médico, con el juez, con vuestros padres y hermanos mayores, seguid convirtiendo los llamdos juegos florales en juegos frutales. Protejed al árbol como el os proteje y sirve a vosotros, y ayudadle a crecer y a multiplicarse.

Joaquín Costa

